

Emigrantes emergentes do silêncio

COMISARIAS

María Alonso Alonso
Keina Espiñeira
Antía Pérez Caramés

COLABORADORAS E INTEGRANTES
DO CONSELLO CIENTÍFICO

Dolores Vilavedra (coordinadora)
Cecilia Díaz Betz
Pilar Cagiao
Mariana Carballal
Montserrat Fajardo
Arantxa Fernández Crespo
Sandra Fernández Martínez
Ana González Chouciño
Carolina García Borrazas
M^a Teresa García Domínguez
Emilia García López
Ana Garrido
Cristina Iglesias
Margarita Ledo
Sarah Lamas
Inma López Silva
Beli Martínez

Eva Moreda

María Xosé Porteiro
Cristina Pujales
Ofelia Rey
Teresa Táboas
Diana Tarín
Peque Varela
Margarita Vázquez Ponte
Rexenerando S. Coop. Galega

DESEÑO

Uqui Permui

FOTOGRAFÍA

Peter Schneider

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Tajés

IMPRESIÓN GRÁFICA

Lugami

D.L.: C 701-2026



EMIGRANTAS

EMERXER DO SILENCIO

DO 11 DE MARZO AO 3 DE MAIO
KIOSCO ALFONSO, A CORUÑA

SUMARIO

- 05 PRESENTACIÓN
- 06 SOBRE O PROCESO DE TRABALLO
- 08 FÍO EXPOSITIVO:
SAÍRMOS, EMANCIPÁRMONOS,
TRABALLARMOS, COMPARTIRMOS,
LOITARMOS, RECOÑECÉRMONOS
- 20 ALÉN DA EXPOSICIÓN:
OBRADOIRO
CICLO DE CINEMA
DISPOSITIVO DE ACTIVACIÓN
DA MEMORIA «AS QUE MARCHARON»



SILENCIOSAS, AS MULLERES? ENMUDECIDAS, ACASO? AFASTADAS, AS VOCES DAS QUE PARTIMOS?



ESTAS SON ALGUNHAS DAS PREGUNTAS QUE MOTIVARON *EMIGRANTAS. EMERXER DO SILENCIO*, UNHA EXPOSICIÓN ORGANIZADA POLO CONSELLO DA CULTURA GALEGA A TRAVÉS DA CAL SE PRETENDE DESTACAR O PAPEL FUNDAMENTAL DAS MULLERES GALEGAS NAS DIFERENTES VAGAS MIGRATORIAS GALEGAS AOS MÁIS DIVERSOS DESTINOS XEOGRÁFICOS.



PRESENTACIÓN

A historiadora das mulleres Michelle Perrot (1998) lémbra-nos que «existen moitas zonas mudas, mesmo un océano de silencio, vencellado co repartimento desigual das pegadas, da memoria e, máis aínda, da Historia, ese relato que durante tanto tempo ‘esqueceu’ as mulleres, como se, condenadas á escuridade da reprodución, inenarrables, estivesen fóra do tempo ou, cando menos, fóra dos acontecementos».

As emigrantes galegas abrimos novos horizontes para nós e para as que virán; traballamos, formámonos, axudamos a crear escolas aquí e alá, desenvolvemos proxectos sociais e políticos por onde imos, asociámonos para loitar polos nosos dereitos e, en ocasións, volvemos ao país de orixe para enriquecer coas nosas experiencias vitais unha comunidade cuxas novas xeracións serán, en gran medida, resultado daquelas que un día ousamos partir cara ao descoñecido.

Hoxe estamos aquí, compartindo historias de ida e volta grazas ás testemuñas das que seguimos as pegadas, das que embarcaron en enormes transatlánticos, das que viaxaron en tren ou das que cruzaron o couzón dun avión de calquera aeroliña de baixo custo. O labor de recompilación e investigación que se materializa nesta exposición non foi sinxelo, pero si incrivelmente inspirador.

«Grazas, señoras,
por nos devolver o mar»

Begoña Caamaño, 2009

POR QUE NON HAI MÁIS MATERIAIS DEDICADOS ÁS MULLERES EMIGRANTES GALEGAS?

Foi a finais do ano 2023, nunha reunión do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, cando xurdiu a proposta de paliar un silencio histórico arredor da figura das emigrantes galegas. É certo. Cando falamos da emigración galega, a figura do home emigrante parece dominante no imaxinario cultural pero... é que non emigramos tamén as mulleres? Este foi o punto de partida que as tres comisarias desta exposición tivemos para darlle forma a un proxecto de investigación e de divulgación co que pretendemos cuestionar a redución do papel das mulleres galegas nos diferentes procesos migratorios á figura da viúva de vivo ou de acompañante pasiva de maridos voluntariosos.

Con este fin formouse unha Comisión Técnica e Científica na que mulleres de diferentes disciplinas académicas e ámbitos laborais comezamos a traballar nunha narrativa que desafiaba calquera tipo de achega temporal ou xeográfica á emigración galega. Dende a historia, a antropoloxía, a literatura, o cinema, a música, a socioloxía, entre outros ámbitos, elaborouse un plan de traballo arredor dunha serie de verbos de acción que nos guiaron no proceso de investigación e busca de materiais expositivos. Con isto, intentouse dende un principio fuxir do anecdótico, facilitando o diálogo entre diferentes disciplinas e conceptos para articular un fío expositivo innovador e diferenciador.


Nestes primeiros pasos do proxecto xurdiron ideas como a da autorreferencialidade, a discriminación, a inclusión en mercados laborais do máis diverso ou o papel político e activista das emigrantes galegas. Dende un principio, nestas primeiras reunións da comisión, quedou claro que a mobilidade feminina dentro do fenómeno migratorio tiña que abordarse dende a acción e o activismo.

Foixe avanzando ao longo de 2024 cara a unha definición máis clara da narrativa expositiva, coa que traballamos xunto coa deseñadora da exposición, Uqui Permui. A dimensión conceptual desta narrativa expositiva foi tomando forma pouco a pouco grazas á seguinte selección de seis verbos de acción: saírmos, emancipármolos, traballarmos, compartirmos, loitarmos e recoñecérmolos. O fío condutor destes verbos favoreceu unha metodoloxía de traballo que nos permitiu fuxir do convencional e, así, artellar unha contranarrativa conceptual.

Creáronse grupos que traballaron na busca de materiais expositivos concretos, contactouse con especialistas en estudos migratorios doutras institucións, falouse con mulleres emigrantes pertencentes a diferentes xeracións e realizáronse estadías e visitas de traballo tanto no Arquivo da Emigración Galega como no Arquivo Sonoro de Galicia, do Consello da Cultura Galega, para consultar os seus fondos, que son fundamentais nesta exposición.

Á dereita: imaxes do Arquivo da Emigración Galega e Arquivo Sonoro de Galicia no Consello da Cultura Galega.

Abaixo as comisarias, Antía, Keina e María, no taller en que se empezou a estruturar a exposición.





ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA

O Arquivo foi creado en 1992 como centro de documentación e investigación. Entre os seus obxectivos xerais figura o de manter viva a memoria colectiva da emigración galega mediante a recuperación, salvagarda e difusión do patrimonio cultural xerado pola colectividade galega asentada fóra de Galicia. Así mesmo, promove e difunde investigacións de carácter científico que, dende unha perspectiva multidisciplinaria, contribúen a ampliar o coñecemento dos diversos aspectos do fenómeno migratorio galego. Os seus fondos proceden de 483 asociacións de emigrantes, principalmente de países como A Arxentina, Cuba, O Uruguai, O Brasil e Venezuela, países representados por un extenso arquivo fotográfico de máis de 10 000 imaxes e con 677 cabeceiras de publicacións periódicas. A tipoloxía destes fondos abrangue documentación de carácter documental, estatístico, audiovisual, sonoro, fotográfico, hemerográfico e bibliográfico. Dende o ano 2013 desenvólvese o «Proxecto de recuperación documental e fotográfica da emigración galega», a través do cal se pretende ofrecer unha perspectiva máis integradora da historia da emigración galega, e contribuír ao avance do coñecemento e á posta en valor das coleccións de particulares como fonte de información e análise da realidade social pasada e presente. Deste xeito, creouse un espazo de recollida do patrimonio proveniente de arquivos familiares de emigrantes anónimos. A implicación directa das persoas emigrantes e da súa descendencia neste proxecto é fundamental. Actualmente, cóntase con 350 doazóns de documentos e fotografías familiares e con preto de 24 000 imaxes dixitais, froito da colaboración desinteresada das persoas que desexaron participar no proxecto. No

contexto de *Emigrantas. Emerxer do silencio*, o Arquivo da Emigración Galega traballou en estreita colaboración coas súas comisarias, achegando gran parte dos seus fondos fotográficos, documentais e bibliográficos para ilustrar a conexión dos verbos de acción que articulan esta mostra.

En canto ao **Arquivo Sonoro de Galicia**, ten como misión a recuperación, recompilación, preservación e divulgación do patrimonio sonoro galego en todas as súas manifestacións, históricas e actuais, cultas, populares e tradicionais. Así, recolle un importante fondo de arquivo da palabra (conferencias e distintos actos culturais, nos que destacan, especialmente, os rexistros recollidos na emigración arxentina), programas e fondos etnográficos. A parte musical reúne a discografía editada tanto dentro como fóra de Galicia relacionada coa nosa cultura; consta dunha colección de distintos soportes, na que cómpre destacar o repertorio dos discos de lousa (os máis antigos datan de 1904). Na mostra *Emigrantas. Emerxer do silencio*, pódense escoitar algúns exemplos: as voces das soprano Ofelia Nieto e Laura Alonso, anacos de música tradicional galega recollida na emigración arxentina polo musicólogo N. P. Cirio, a voz popular de Ana Kiro —que tanto axudou a espallar a galeguidade—, o Coro da Agrupación Artística Gallega de La Habana, o quinteto belga/galego Ialma, a Agrupación Artística Rosalía de Castro do Centro Galego de Madrid e o extinto Coro Universitario Galego de Barcelona.

Estes valiosos fondos documentais vanse recompilando grazas á enorme xenerosidade de particulares e institucións públicas e privadas, que a través de doazóns nutren e axudan a preservar o patrimonio galego para que non desapareza neste proceso de globalización actual.



COMO CONTAR A NOSA PROPIA HISTORIA? COMO ENCHER OS SILENCIOS E BALEIROS QUE CARACTERIZAN A NOSA EXISTENCIA? COMO RACHAR CUNHA NARRATIVA QUE CONDICIONOU CALQUERA TIPO DE DISCURSO ARREDOR DA NOSA PROPIA EXPERIENCIA COMO EMIGRANTAS?

CANDO SOMOS NÓS AS QUE MARCHAMOS

Emigrantes. Emerxer do silencio está guiada pola necesidade de materializar dende unha perspectiva divulgativa algo tan complexo como é a investigación académica arredor da emigración galega, tendo ao público desta exposición como elemento fundamental dela. A través do traballo de documentación e creación, esta mostra convida a considerar o papel das mulleres na emigración galega co fin de tratar as migracións femininas dende perspectivas que fuxan de condicionantes cronolóxicos ou xeográficos. Suxerimos poñer en diálogo diferentes procesos migratorios para restituír dalgún xeito a historia silenciada das mulleres emigrantes, cuestionando a súa representación como seres pasivos no imaxinario cultural e social galego. É na intersección dos estudos migratorios, de xénero, e na historiografía feminista onde se atopa o fío argumental da exposición.

O resultado que aquí se presenta aborda directamente algúns dos debates máis actuais sobre os procesos migratorios protagonizados polas mulleres, así como os elementos que axudan a comprender a dimensión deste fenómeno. A través dos seis verbos de acción que aquí se amosan, convidamos o público a repensar uns materiais que, ademais de mostrar as eivas existentes no coñecemento do papel das emigrantes galegas, ilustran a evolución deste fenómeno ao longo do tempo e das distintas xeracións migratorias. O obxectivo final é construírmos unha narrativa propia que poña de relevo a capacidade das mulleres para mobilizar recursos e superar obstáculos sociais e familiares, contravindo normas que limitaron durante séculos a nosa liberdade de movemento.





Hotel de Inmigrantes en Bos Aires.
Fonte: Consello da Cultura Galega. Arquivo da Emigración Galega. Fondo Luís Cortese.

SAÍRMOS PERMÍTENOS EXPLORAR XEOGRAFÍAS E DESPRAZAMENTOS TEMPORAIS, TENDO AS MOTIVACIÓNS, CONDICIONANTES E OBSTÁCULOS DAS MULLERES EMIGRANTES COMO PUNTO DE PARTIDA. *POR QUE MARCHAMOS?* ESTA NON É SOAMENTE UNHA PREGUNTA, SENÓN O TÍTULO DUNHA PELÍCULA DOCUMENTAL DESAPARECIDA DA GALEGA CRUZ RISCO E O GRUPO 4, QUE FOI PROXECTADA EN 1978 EN DIFERENTES LUGARES DA XEOGRAFÍA GALEGA. NO FILME AS CINEASTAS OFRECEN UNHA OLLADA CRÍTICA SOBRE AS CONDICIÓNS DE VIDA E TRABALLO DA EMIGRACIÓN GALEGA EN PARÍS, LUGAR ONDE A PROPIA RISCO VIVIU.



Ademais, diferentes fotografías e documentación persoal achégannos ao regulamento legal que limita a saída do fogar. Para as mulleres galegas isto non foi unha decisión sinxela, xa que tanto o país de orixe como os de acollida obstaculizaron en moitas ocasións a emigración por considerarnos cidadás de segunda, necesitadas de protección masculina. As diferentes evidencias que forman parte desta sección inicial da exposición cuestionan esta aparente vulnerabilidade feminina: pasaportes, billetes de embarque, certificados médicos, certificados de rexistro de emigración, fichas de inscrición de nacionalidade, fotografías persoais e colectivas...; todos estes, e outros, documentos ilustran a capacidade de mobilización destas mulleres, cuxo traballo dentro e fóra do ámbito familiar sorprende polos recursos empregados para a súa subsistencia.

«MENUDA MERDA A EMIGRACIÓN.
DEIXAS ATRÁS TODO, JODER. TODO»

Anna Figueiredo, *Os bicos feridos*, 2018




Mulleres carrexando as equipaxes dos pasaxeiros e pasaxeiras no porto da Coruña a comezos do século xx fronte ao Kiosco Alfonso.

Consello da Cultura Galega. Arquivo da Emigración Galega.

As persoas migrantes cando volven a Galicia falan do país onde traballan como dun exemplo ideal de sociedade e exaltan o traballo, o progreso, o consumo, o status, todo o que envexan nos seus patróns. Ao non estar integradas, carecen de conciencia de clase.

Cruz Risco, 1979. Extracto traducido do francés da memoria de dirección e rodaxe – Mémoire de maîtrise, depositada na Université Paris VIII – Vincennes.



Cénit. Revista dedicada a la mujer y al niño. Maio de 1958.
A escada foi elaborada por Rosa Rodríguez Vidal, redeira de Corme.

Para moitas das emigrantes galegas, fuxir dunha abafante ditadura ou dun país que non ofrecía as oportunidades formativas ou laborais esperadas implicou tamén unha experiencia emancipadora. Imaxinarnos en urbes cosmopolitas como Montevideo, Bos Aires, Londres, Berlín ou París pasou de ser un proxecto de liberación a unha realidade que, malia as complicacións propias ao emigrar, supuxo un proceso de aprendizaxe de como é vivir en liberdade, dun xeito independente e nunha sociedade e cultura diferentes. O paso dun contexto rural a un vibrante espazo urbano, dunha lingua materna a unha lingua estranxeira ou o simple feito de ter uns ingresos propios implicaron para moitas de nós o logro dunha desexada autonomía.



NOVAS OPORTUNIDADES. FORMÁRMONOS. DESENVOLVÉRMONOS LIBREMENTE. OU SE CADRA NON. OS ABUSOS E A EXPLOTACIÓN TAMÉN ACOMPAÑAN A NOSA VIAXE. **EMANCIPÁRMONOS.** CANDO MENOS NO HORIZONTE.



Marisa L.R., emigrada en 1963 a Karlsruhe (Alemaña).
Fonte: Consello da Cultura Galega. Arquivo da Emigración Galega.

Para moitas mulleres galegas, a emigración foi tamén un proxecto emancipador cunhas implicacións sociais, culturais e persoais enormes. Porén, a exposición tamén amosa algúns dos perigos que implica emigrar como muller, sobre todo soa. O tráfico de galegas con fins de prostitución é un dos grandes tabús da nosa historia xa que nesta trata tamén estaban implicados emigrantes homes que viron no comercio de mulleres para a explotación sexual un vil negocio.

Como se comentou anteriormente, a independencia que se ansía ao emigrar non está exenta de perigos, como o pon de manifesto o tango «La Galleguita», composto en 1935 e que relata a historia dunha emigrante galega que acaba na prostitución:

Sola y en tierras extrañas, tu caída fue tan breve que, como bola de nieve, tu virtud se disipó. Tu obsesión era la idea de juntar mucha platita para tu pobre viejita que allá en la aldea quedó.

Esta busca pola liberdade non estivo tamén exenta de experiencias de discriminación, explotación laboral e violencia. Como deixa de manifesto o epistolario exposto de Carmen Ramos Sánchez enviado dende Montevideo á súa familia en Galicia, a precariedade laboral e a necesidade de soste na distancia os vínculos familiares marcaron a vida de moitas mulleres galegas que emigraron coa responsabilidade de soste a economía familiar. Para outras, emigrar implicou fuxir da violencia familiar de maridos e pais maltratadores, ou romper con convencións sociais do máis dispar, como aquela de montar en bicicleta cando iso non era nada común.





As diferentes pezas da exposición dedicadas ao traballo das emigrantes galegas cuestionan calquera tipo de relato das mulleres como meras acompañantes pasivas dos seus homes, subliñando a súa autonomía e axencia. Os traballos de portas a fóra das emigrantes foron tanto en ocupacións feminizadas —o emprego no fogar, a costura ou a limpeza—, como accedendo a espazos laborais tradicionalmente masculinizados, por exemplo o traballo fabril ou o ámbito académico.

O TRABALLO DAS MULLERES SEMPRE FOI DOBRE: DENTRO E FÓRA DA CASA, REMUNERADO E NON REMUNERADO. ISTO, LEVADO AO ÁMBITO MIGRATORIO, IMPLICA UNHA DIMENSIÓN MAIOR, XA QUE PARA PARTIR HABÍA QUE DECIDIR SE AS CRIATURAS FICABAN NO PAÍS DE ORIXE, CANDO ALÍ SE DISPUÑA DE CERTA REDE FAMILIAR, OU SE LEVABAN TAMÉN AO PAÍS DE DESTINO, ONDE NON SE CONTABA CON APOIOS PARA A CRIANZA E AS NENAS E NENOS PODÍAN SER OU BEN UNHA DIFICULTADE NUN PROXECTO MIGRATORIO DE INTENSA IMPLICACIÓN LABORAL, OU BEN UNS BRAZOS MÁIS QUE SUMAR AO TRABALLO.





Fina Mantiñán, *La A*, 1965.
Colaxe sobre papel, 50 x 65 cm.

Fondo: Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

Colaxe da etapa parisiense. Fina Mantiñán emigrou a París en 1960, onde continuou os seus estudos na Escola de Montparnasse e na Escola Superior de Belas Artes como bolseira da Deputación da Coruña. Durante a súa estancia participou en exposicións colectivas, como o XII Salón de Boulogne Billancourt (1966) e a Academia Europea das Artes (1968), e recibiu recoñecementos como o Segundo Accésit da Cidade de París (1966) e Mencións Honoríficas (1966 e 1968).




Mimina (Carmen Arias de Castro), ca. anos 1970-1980.
Fondo: Arquivo familiar.

A narrativa expositiva nútrese cunha selección de fotografías do Arquivo da Emigración Galega; coa filmación dunha portaría parisiense, procedente do fondo de Carlos Asorey, sumada a unha entrevista cunha muller que traballou como porteira; e con varios obxectos que representan os diversos traballos das emigradas. Algúns nomes propios tamén destacan pola súa carga simbólica, como Carmen Arias de Castro, tamén coñecida como Mimina, cuxas pezas de cerámica e decoración se atopan no centro da iconografía artística galega, ou Lucía Latorre Piñeiro, quen emigrou ás illas Seychelles como investigadora e xestora de proxectos medioambientais.

O seu blog e as gravacións de vídeo que a propia Lucía rexistrou antes de partir das illas, parte das cales se reproducen nesta mostra, dan conta da singularidade da súa experiencia e constrúen un relato íntimo arredor da emigración feminina, do traballo e das relacións sociais que se tecen neste contexto.

Voo. Creo que nunca un voo significou tan pouco en comparación co que é o salto que estou a dar en si mesmo. Nunca estiven tan tranquila. Vexo *charadas*. Alucino con Emirates. Flipo. Pantallaza, mando por se non chegas coa man ao respaldo de diante (é táctil), trescentos mil millóns de pelis, enchufe! E podes falar por teléfono no avión!! Sen perigo de esnaframento! Alucinante.

Lucía Latorre, 2013. Blog persoal *Unha de Rairo nas Seychelles*



Relatos en primeira persoa dende as illas Seychelles, 2013-2015.

Imaxe: Lucía Latorre Piñeiro.

Montaxe: Alba Domínguez Serén.



O LECER

«EU TAMÉN LOITO CANTANDO
COMO VÓS Ó TRABALLAR
PRA VOLVER UN DÍA Á TERRA...»
ANA KIRO. SEMPRE NA CASETE. A MANTA NO
CHAN, UNHA EMPANADA, ALGO DE BEBER E...
BAILAR. COMPARTIRMOS PARA ESPANTAR A
MORRIÑA



Balbina sempre traballaba coas mans, limpando ou cosendo para os demais, e sempre tivo psoríase grave nas palmas.

As gretas abríanse co movemento, coa auga, co deterxente, co frío, coa fricción. Alguén lle dixera que Mariastein (Santa María de Pedra), cerca de Basel, facía milagres coa psoríase.

Con ela fomos seis nun Peugeot 505, desde Berna á fronteira con Francia, coas nosas mellores roupas e a maleta chea. Empanada e tortillas caseiras, polo frito, viño Montaña (o máis barato da tenda española) e café; café que non faltase. Tamén levou unha placa co seu nome, Balbina Veiga Amigo, para deixar no mosteiro e que a santa se acordase das súas mans de pedra.

Pablo Honey, fillo de Balbina

Entre horas interminables de traballo e as obrigas dentro e fóra da casa, o lecer é unha práctica revolucionaria tamén na emigración. Os centros galegos no estranxeiro, as diferentes asociacións de emigrantes ou mesmo un simple xantar coa familia e amizades revélanse como puntos de encontro para todas nós que permiten paliar a soidade que, en moitos casos, caracteriza a emigración. **Compartirmos** é unha sección que amosa o lecer como práctica emancipadora para mulleres que, por exemplo, formaron parte de clubs deportivos no exterior, de federacións ou de sociedades migrantes, espazos todos eles operativos como eficaces lugares de encontro.

As diferentes fotografías e materiais que forman parte desta exposición colectiva amosan o xeito en que lugares públicos e privados se prestan a este tipo de reunións, nas que a música tamén desempeña un papel fundamental non só como manifestación artística e cultural, senón como banda sonora destes momentos de lecer. As emigrantes galegas fomos, pouco a pouco, ocupando lugares de relevancia no organigrama destes centros e asociacións e nos conxuntos musicais tradicionalmente formados por homes, como as rondallas e os orfeóns. Nomes tan relevantes como as sopranos Mary Isaura e Ángeles Ottein, ou mesmo Ana Kiro ou o grupo Ialma, entre outros nomes representativos, amosan a importancia da música e o asociacionismo no desenvolvemento dunha vida transnacional. A propia Luz Fandiño é unha destas migrantes con nome propio que, como revelan os seus escritos, construíu unha identidade galega, de clase e de xénero fóra do país. Emigranta na Arxentina dos anos 50, Fandiño sufriu a explotación laboral antes de reemigrar a París, onde participou activamente na vida cultural e política da comunidade migrante galega. Poeta, activista e defensora da lingua galega na diáspora, ela é un bo exemplo de como cultura e loita poden ir da man.



É REVOLUCIONARIO



As reunións dominicais no parque de Chapultepec convertéronse nun espazo fundamental para manter vivas as raíces. Cada quen levaba comida da casa e compartila era un xesto de solidariedade. Neste ambiente, os homes xogaban ás cartas e ao dominó, mentres as mulleres conversaban entre elas en galego, tecendo un fío de conexión coa terra natal.

Teresa Táboas sobre os momentos de sociabilidade no parque de Chapultepec, Cidade de México, anos 60.



A familia López en Cuba escoitando música no gramófono.



LUZ FANDIÑO CONSTRUÍU A SÚA IDENTIDADE GALEGA, DE CLASE E DE XÉNERO FÓRA DO PAÍS. A SÚA VIDA, ATRAVESADA POLA EMIGRACIÓN FORZADA, A PRECARIIDADE E A LOITA COLECTIVA, CONECTA COA HISTORIA DE TANTAS MULLERES GALEGAS QUE SOSTIVERON, DENDE A DIÁSPORA, REDES DE RESISTENCIA CULTURAL, SOCIAL E POLÍTICA.

LUZ FANDIÑO

(1931-2024)

En xuño de 1951, con 21 anos, orfa de nai e sen recursos, embarca en Vigo rumbo á Argentina. Non foi unha viaxe elixida, senón un éxodo imposto pola fame e a desigualdade.

Na Argentina entra, como tantas galegas, no traballo doméstico como mucama; así eran coñecidas as criadas internas, sometidas a unha dura explotación laboral e (ás veces) tamén sexual.

A pesar da dureza, a emigración é tamén o lugar do reencontro. No Centro Galego de Bos Aires accede por primeira vez a unha biblioteca e á literatura galega escrita.



A nai no posto de venda de verduras en Santiago de Compostela. Foto: Arquivo personal de Luz Fandiño.



ALÍ RECUPEREI A MIÑA IDENTIDADE E O MEU IDIOMA

A lectura e a escrita convértese nunha forma de dignidade e nun camiño cara á conciencia política. A súa poesía nace da experiencia vivida, sen separar o íntimo do colectivo nin a dor persoal da inxustiza social.



Fitos fundamentais na historia das mulleres, como o sufraxio feminino ou a liberdade de movemento sen control masculino, foron artellados, entre outras, tamén polas emigrantes. **Loitarmos** é unha sección que explora a dimensión política e activista da diáspora feminina galega. De feito, sen o recoñecemento do importante papel que desempeñaron as emigrantes nos distintos procesos de transformación social e comunitaria non se poden entender os Comités de Damas, as seccións dos centros galegos que acollían ás mulleres emigradas, nin as Madres de Plaza de Mayo, unha organización de mulleres fundada na Arxentina no ano 1977 co propósito de procurar as persoas desaparecidas pola ditadura de Videla, nin Hijas de Galicia, unha sociedade que xurdiu en Cuba para auxiliar sociosanitariamente as galegas emigrantes:

Nos Comités de Damas faciamos todo tipo de actividades de atención ás persoas máis empobrecidas da comunidade galega emigrada: a chamada beneficencia ou caridade.

AS EMIGRANTAS GALEGAS RECLAMAMOS XUSTIZA ANTE CRIMES COMETIDOS DURANTE A DITADURA DE JORGE VIDELA, CONVOCAMOS MARCHAS, FOMOS PERSEGUIDAS POR ESIXIR MELLORAS LABORAIS COLECTIVAS OU POR LOITAR POLA IGUALDADE DENDE O FEMINISMO, E OPUXÉMONOS A PRÁCTICAS OPRESORAS E DISCRIMINATORIAS TANTO POR CUESTIÓN DE XÉNERO COMO DE CLASE. A TRAVÉS DE HISTORIAS DE VIDA CON NOME PROPIO E FOTOGRAFÍAS DE DIFERENTES LOITAS EN DISTINTAS XEOGRAFÍAS, ESTA MOSTRA INDAGA SOBRE A PARTICIPACIÓN DAS EMIGRANTAS GALEGAS NA ACCIÓN POLÍTICA NO EXTERIOR. DA ARXENTINA A CUBA, PASANDO POR FRANCIA, O EXILIO FOI PARA MOITAS MULLERES GALEGAS UN DESTINO INEVITABLE A CAUSA DA PERSECUCIÓN SUFRIDA DENDE O FRANQUISMO POLA SÚA MILITANCIA E RESISTENCIA AO RÉXIME.



Imaxes da «Folga das vasoiras» en Bos Aires, 1907. Marcha a través de La Boca. En palabras de Juana Rouco Buela, unha das súas promotoras: «Era un cortejo imponente de los vecinos más pobres de Buenos Aires».



LEVANTAR HOSPITAIS PARA TODAS. ESIXIR ALUGUEIROS XUSTOS. CLAMAR POR QUEN NON ESTÁ. NAS PRAZAS. NAS RÚAS. POLOS DEREITOS. E AS LIBERDADES. ALÁ. E AQUÍ. LOITARMOS PARA DEFENDER A VIDA




LEVANTAR HOSPITAIS PARA TODAS. ESIXIR ALUGUEIROS XUSTOS. CLAMAR POR QUEN NON ESTÁ. NAS PRAZAS. NAS RÚAS. POLOS DEREITOS. E AS LIBERDADES. ALÁ. E AQUÍ. LOITARMOS PARA DEFENDER A VIDA



Portada da revista *Cénit*, que amosa o edificio do balneario Hijas de Galicia cunha moderna ambulancia.

Marzo de 1943. Fondo: Biblioteca Nacional de Cuba.





A nai de Margarita Vázquez realizando a receita da «Tortilla de maíz».

Tortilla de maíz

Nai de Margarita Vázquez

Ingredients:

A little pork lard (for frying)

Some sliced pre fried onions
(but not coloured)

Some *chicharrones* (or try some
fatty cubed pancetta)

300 g maize flour

150 g strong plain flour

2 – 3 eggs

Water

Salt

—So what's that?

Lard. Pork. Pork lard.

—Pork lard. From the *chicharrones*.

From the *chicharrones*. And this is a
spoonful of the pre-fried onions.

—Why are they pre-fried?

Because if you put them now, you burn
them and they don't cook.

—Okay.

And you burn them.

—So they're soft.

The *chicharrones*. Chopped up from here.

—In the end, it's confit
pork, really *chicharrones*.

It is. Let them heat a bit. And here there
is maize.

—Maize flour.

Maize flour. Three eggs. A
bit of wheat flour.

—Why do you put some wheat flour in?

Because otherwise it breaks... To bind it.
300 grammes of maize. You put 150, half
of wheat.

—Of flour. Of wheat. Plain flour.

Plain flour. Salt.

And some water.

—Three eggs, you said. I know, like a
thick cream. A thick cream.

Right. I've got some ready. So about a
tablespoon full. It's okay. You mix them
up a bit so that they're...

—Like you would an omelette.

Exactly.

—So the *chicharrones*, they toasted a
wee bit in the meantime.

It doesn't matter if they toasted. They're
cooked.

—I guess if you didn't have *chicharrones*,
maybe you could use bacon or...

Yes, of course, you could. Or *touciño*,
panceta.

—Pancetta, yes.

Yes, you could do it with, but you would
have to toast it before and render it. Right
low, low now to get it golden brown and
over.

—Okay.

Very low heat and be patient. Wait for it.

—How long do you think, roughly?

Hmm. Two or three minutes, or two
minutes or so. A little lard, and in a
minute, I'll toss it.

—And this is tortilla...?

Tortilla de maíz y chicharrones.

Hmm.

Just a tiny little bit more. Yes. And now
you always do that so that it's cooked
through in the middle.

Mm-hmm. Crescent...

Crescent, so it's cooked through in the
middle. Okay.



EMIGRANTAS. EMERXER DO SILENCIO
REMATA CUNHA REFLEXIÓN SOBRE O
XEITO EN QUE NOS PROXECTAMOS A
NÓS MESMAS NA DIÁSPORA.
NON NOS RECOÑECAMOS NAS IMAXES
DURANTE O TRÁNSITO. SOMOS SOM-
BRAS ENTRE DOUS MUNDOS, INCRÉDU-
LAS ANTE O NOSO REFLEXO. HAI UN MO-
MENTO EN QUE ASUMIMOS A VIAXE, EN
QUE RECUPERAMOS O NOSO ROSTRO, O
NOSO CORPO. E HAI FOTOGRAFÍAS, NON
TANTAS, QUE SE ASEMELLAN MOITO AO
QUE VEMOS NOS ESPELLOS. NON SEM-
PRE SON AS QUE MÁIS NOS GUSTAN.



A creación cultural das exiliadas e das mulleres migrantes tece un relato da emigración en clave feminista a través do cal nós mesmas nos apropiamos das nosas historias, proxectando unha imaxe e identidade coas que convidamos a reflexionar a propia representación. Atrás ficaron imaxes estereotipadas e ridiculizadas como as que aparecen en cintas como *La galleguita*, *Carmiña* ou *Cándida*, entre outros filmes dirixidos todos eles por homes. Contra esta imaxe pexorativa das emigrantes galegas que, en ocasións, se favoreceu dende as artes, loitaron as propias mulleres, que, dende a diáspora e o exilio, utilizaron diferentes manifestacións artísticas para cuestionar discursos dominantes e patriarcais. A pintora Maruja Mallo, actrices como María Casares ou cineastas como Margarita Ledo e María Ruido, entre outros nomes, aparecen nesta mostra para destacar a importancia dos seus traballos provocadores e rupturistas.



Tini de Andrés, retratada en Nova York (Estados Unidos), ca. 1970-1974.
Fondo fotográfico familiar de Tini de Andrés.

Ana Chouciño. *Instalación*, 2026.

Fotografías feitas entre 2010 e 2025 en Edimburgo, Tarragona e Galicia.


Aos poucos meses de mudarme a Edimburgo, comecei a fotografarme diante dos espellos. Primeiro na casa, cos pés espidos sentindo o chan; despois, buscando os reflexos en calquera superficie. Cando me mudei coa miña parella fixen fotos na xanela da nosa cocina, volvíame translúcida e a miña pel confundíase coas chemineas. Cando naceu o noso fillo, capturaba as nosas sombras, o noso reflexo nos escaparates e nos charcos. Agora entendo que mesturarme era a única maneira de sentirme parte daquela cidade, de que o cristal que me separaba se convertese no punto de encontro.

Hoxe vivimos cunha cámara nas nosas mans, pero preguntome como o vivía unha emigrante cando as fotografías eran aínda un acontecemento. Centos de imaxes de mulleres migrantes descansan no arquivo do Consello da Cultura Galega. Mulleres traballando, en familia, gozando dos momentos de lecer. Algunhas posan, outras amosan indiferenza ás cámaras, unhas poucas nin sequera son conscientes dela.

Esta pequena mostra dialoga entre dous séculos, entre dúas xeracións de mulleres tentando recoñecerse lonxe da casa. Non busquei diferenzas provocadas polos distintos momentos tecnolóxicos e sociais, senón complicidades, un fío que atravesase anos e mapas, esperanzas e medos, un espello en que non sentirnos estraña.

ALÉN DA EXPOSICIÓN

Emigrantas. Emerxer do silencio concíbese como un proxecto aberto a novas achegas interdisciplinarias e actividades que complementen a exposición, xa que entendemos que a emigración das mulleres galegas non é un proceso pechado, senón que está en continua evolución. Por este motivo, organízanse unha serie de actividades ao abeiro da mostra que pretenden tanto dialogar coa exposición como expandir o seu alcance, sinalando novas vías de divulgación da actividade e dos elementos que a conforman.



Diversos momentos do obradoiro. Fotografía de Sandra García Rey - tako.coop.



OBRADOIRO

«Un lenzo branco. Tecermos en colectivo a memoria das mulleres da emigración» é unha das actividades complementarias da exposición. Trátase dun obradoiro que afonda nos contidos aquí presentados dun xeito participativo e vivencial, navegando entre o persoal e o colectivo. A partir da peza *Por que marchamos?*, o documental, hoxe desaparecido, da cineasta galega Cruz Risco e o Grupo 4 datado en 1977, o obradoiro convida a participar a través de historias de vida que axuden a reescribir novos relatos arredor da emigración feminina galega, tan chea de silencios familiares e colectivos.

«Un lenzo en branco» está deseñado por Rexenerando S. Coop. e dirixido por Olga Romasanta, historiadora da arte especializada en facilitación de grupos. Nel convídase as persoas participantes a indagar máis sobre os relatos das mulleres da emigración que lles son propios e poñelos en diálogo con outros, co fin de testar unha metodoloxía de activación das memorias que poden reproducir noutros contextos, nutrindo os arquivos que recollen historias desta natureza.

Dividido en dúas sesións de traballo, as persoas participantes traballan con relatos da súa contorna, que porán en diálogo coa propia exposición coa idea de identificar paralelismos ou diferenzas significativas. Este obradoiro está composto por fontes de información coas que se traballará a fin de complementar a proporcionada por estas historias de vida. Nunha segunda sesión, as persoas participantes comparten as achegas, explorando posibles conexións e buscando completar os ocos que aínda quedan en calquera das historias propostas.

A metodoloxía deste obradoiro é eminentemente participativa e aberta á necesidade de activar a memoria a través de diferentes pezas da exposición. A natureza é significativamente práctica e inspiradora para as persoas que queiran afondar nas súas propias memorias persoais ou familiares.

Alén do diverso material documental, fotográfico e audiovisual, *Emigrantes. Emerxer do silencio* conta cunha serie de instalacións que convidan a imaxinar relatos alternativos. Dende as maletas cedidas polo Arquivo da Emigración Galega, que evocan a odisea que para moitas tivo que suportar meter nelas todos os seus bens, ata pezas de cerámica ou puntos de audio con entrevistas a emigrantes galegas, a exposición convida a repensarmos as nosas propias historias de vida ou as das nosas familias para compartir experiencias ao final do itinerario, que remata cunha mesa de documentación que tamén é testemuño da bagaxe e do traballo de investigación levado a cabo neste sentido dende o ámbito académico e da divulgación.



Fotografía de Sandra García Rey - tako.coop.

CICLO DE CINEMA


Olladas de muller: cinema desde a emigración

Filmoteca de Galicia, 10-13 de marzo de 2026

No marco de «Olladas de muller», o ciclo anual que o Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega realiza cada mes de marzo na Filmoteca de Galicia arredor do Día Internacional da Muller, presentouse nesta edición un programa dedicado á relación entre muller e cinema dende a experiencia migratoria. Comisariado por Beli García e Keina Espiñeira, o ciclo convida a unha travesía cinematográfica a través de obras creadas por mulleres que abordan o feito migratorio ou ben dende a vivencia propia, ou ben dende a memoria herdada doutras que partiron.

Durante décadas, a representación da muller migrante ficou condicionada por imaxes estereotipadas asociadas ao sacrificio, á espera ou á subalternidade, que reducían a complexidade das súas experiencias. As pezas que integran este programa propoñen unha viraxe decisiva. Nelas, a muller emerxe como suxeito creador, como ollada e como voz, capaz de reformular os relatos e de cuestionar os códigos tradicionais de representación. O cinema convértese, así, segundo as programadoras, nun espazo de intersección entre o íntimo e o político, onde se inscriben historias familiares, ausencias, despedidas e retornos que revelan as pegadas afectivas e sociais do desprazamento.

As obras reunidas destacan pola súa riqueza formal e pola pluralidade de linguaxes: do rexistro doméstico á animación, do ensaio autobiográfico á experimentación fílmica. A través de arquivos, fragmentos, voces en primeira persoa e elocuentes silencios, configuran un tecido expresivo que fai visible aquilo que durante tanto tempo permaneceu oculto. Lonxe de ofrecer conclusións pechadas, estas propostas abren novas vías para mirar, sentir e pensar o feito migratorio dun xeito novo, no que a identidade é presentada como un territorio en tránsito, en constante negociación entre o aquí e o alá, entre a pertenza e o desarraigamento.



Sesión 1. Etnografías urbanas

Bowery NY (Tini de Andrés, 1973, 3 min)

Anima Urbis (Xisela Franco, 2010, 68 min)

Sesión 2. Identidades e memoria no capitalismo

Gato encerrado (Peque Varela, 2010, 12 min)

La memoria interior (María Ruido, 2002, 32 min)

Naoko (Aranxa Vicens, 2021, 11 min)

Mariví, na pel da memoria (Laura e Coral Piñeiro, 2022, 14 min)

Sesión 3. Subalternidade histórica, traballo e xénero

A cicatriz branca (Margarita Ledo, 2012, 92 min)


Sesión 4. Comunicacions na diáspora, interxeracións

Cienfuegos 1913 (Margarita Ledo, Belkis Vega, 2008, 8 min)

Segunda II (Anita Pico, 2024, 17 min)

Memorias de ultramar (Carmen Bellas, Alberto Berzosa, 2021, 49 min)

QUE RELACIÓN TES TI COA DIÁSPORA GALEGA? HOUBO MULLERES EMIGRANTES NA TÚA FAMILIA? HAI SILENCIOS ARREDOR DA EMIGRACIÓN NA TÚA CASA? PREGUNTACHES ALGUNHA VEZ POR QUE?



Este dispositivo funciona como reclamo á participación do público, que é convidado, mediante un sistema de postais, a deixar o seu propio relato e os seus datos de contacto. Os testemuños e os datos recollidos serán trasladados ao Arquivo da Emigración Galega para ampliar o arquivo e fortalecer o papel da comunidade como axente activa de investigación e memoria.





«AS QUE MARCHARON»

A exposición incorpora unha ferramenta para fomentar a participación do público e a achega de testemuños en forma dun dispositivo de activación da memoria baixo o nome «As que marcharon», coordinado por Sandra Fernández e Sarah Lamas.

AS QUE MARCHARON É UN PROXECTO DE ACTIVACIÓN DA MEMORIA QUE NACE COA VONTADE DE FACER VISIBLES AS NARRATIVAS MIGRATORIAS DAS MULLERES GALEGAS, A MIÚDO RELEGADAS A UN SEGUNDO PLANO OU DISPERSAS NA INTIMIDADE DOS ARQUIVOS FAMILIARES.

A TRAVÉS DUN ENFOQUE PARTICIPATIVO, ACOMPAÑAMOS ÁS PARTICIPANTES NA CONSTRUCCIÓN DO SEU PROPIO RELATO, ENTENDENDO A MEMORIA COMO UN PROCESO VIVO, FRÁXIL E SITUADO, NO QUE CADA HISTORIA CONTA.

PRESÉNTASE NA EXPOSICIÓN UNHA SELECCIÓN DE RELATOS DE MULLERES QUE XA COLABORARON CO PROXECTO E QUE ABRIRON AS SÚAS LEMBRANZAS PARA CONTRIBUÍR A UNHA VISIÓN MÁIS COMPLETA DA DIÁSPORA GALEGA, RESTITUÍENDO ASÍ O LUGAR DAS MULLERES NA HISTORIA MIGRATORIA GALEGA.

A TÚA HISTORIA —OU A DA TÚA NAI, AVOA, TÍA...— TAMÉN PODE FORMAR PARTE DESTA CONSTRUCCIÓN COLECTIVA DA MEMORIA. CONVIDÁMOSTE A DEIXARNOS O TEU RELATO MIGRATORIO E A PARTICIPAR NESTE PROCESO COMPARTIDO.

